

XVI FESTA do VIÑO TINTAFEMIA



5, 6 e 7 de Xullo de 2019
Santa Maria de Cela

Saúda Xunta Directiva

Como presidente da Asociación de Viticultores San Martín de Bueu, organizador da XVI Festa do Viño Tinta Femia de Cela, quero convidaros a este evento gastronómico cultural tan importante e apreciado na nosa aldea e o seu entorno. Xa levamos un ano no que o uso da uva Tinta Femia está a ser considerado e aceptado dentro das variedades da IXP Ribeiras do Morrazo, e como consecuencia de tal feito, algún viño Tinta Femia xa forma parte da bodega do restaurante número un de España e segundo do mundo, como é o Celler de Can Roca, dos mundialmente recoñecidos irmáns Roca de Girona. Queremos desde esta páxina darlles a benvinda ó grupo de veciños de Cela que este ano deron un paso o fronte e están organizando as distintas festas de Cela, que non son poucas, ánimo.

Agradecer e recoñecer o traballo dos colleiteiros que un ano máis fan posible a celebración desta Festa. Tamén a todos os colaboradores, neste libro, nos programas da radio, este ano imos ter un espacio dunha hora en directo no programa 'Hoy por Hoy' da Cadena Ser, o día 4 de xullo, ó lado da praza de abastos de Bueu, compradores de rifas e aportacións anónimas que suman para confeccionar o presuposto.


Tamén agradecer a colaboración dos organismos oficiais: Concello, Deputación e Xunta de Galicia a través da Xerencia de Turismo.

Ós membros desta xunta directiva, que aportan unha importante cantidade de horas de traballo para que todo funcione.

Por todo isto invitámosvos a disfrutar dunhas boas festas dende este maravilloso e incomparable balcón da Ría de Pontevedra.

Saúde e ledicia para tod@s.

Fernando García Cendón



Saúda do Alcalde

Un ano máis temos o pracer de poder gozar dunha nova edición da Festa do Viño Tinta Femia en Cela, e xa van dezaseis. Un feito que non sería posible sen a gran labor de recuperación levada a cabo pola Asociación de Viticultores Santa María de Cela nestes últimos anos. A quen quero trasladar, como alcalde de Bueu, o meu máis sincero agradecemento.

Esta festa é máis que un evento gastronómico, é o cume do traballo e dedicación de moitas persoas. Grazas a estas persoas mantemos viva a nosa historia, este froito dunha terra especial que combina en perfecta harmonía. Mar e agro regalándonos un viño único.

É importante manter a nosa identidade, coidando a nosa cultura e tradición co mimo de quen coida unha vide, para poder recoller así o froito agora e no futuro.

Por este motivo, remato agradecendo unha vez máis á asociación por facer posible que a nosa tradición siga viva, e animando a todo a toda a veciñanza e visitante a participar dunha taza de Tinta Femia.

Félix Juncal Novas
Alcalde do Concello de Bueu



Saúda Deputación

Bueu réndelle culto a un dos seus produtos con carácter e selo propio; a Festa do Tinta Femia de Cela chega este mes de xullo a súa XVI edición nun excelente estado de forma. Durante tres días teremos a oportunidade de probar este excelente caldo, cada vez máis recoñecido, dun total de once produtores.

Desde a Deputación de Pontevedra non podemos máis que felicitar á Asociación de Viticultores San Martín por manter viva unha festividade que contribúe a poñer en valor a variedade máis importante da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo.

Enxalzar a nosa gastronomía tradicional e a materia prima de primeira calidade que sae da terra das Rías Baixas é unha prioridade para o Goberno provincial, que aposta de maneira decidida por promocionar cara ao exterior os nosos produtos, patrimonio, tradición e historia local, da que sen dúbida forma parte esta variedade de viño case exclusiva da península do Morrazo.

Animamos ao conxunto da cidadanía de Pontevedra a achegarse ata a parroquia de Cela para saborear estes viños tan singulares, froito dun clima suave, da súa exposición aos ventos atlánticos, da composición do solo e dunha particular técnica de emparrado. Paga a pena achegarse ás Rías Baixas para iniciar a tempada grande de festas acompañando un tinta femia con algún exquisito prato da gastronomía de Bueu.

Quedades todas e todos convidados!

Carmela Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra

Saúda XUNTA GALICIA

Agradezo un ano máis á comisión organizadora da Festa de Tinta Femia de Cela que me brinde este espazo para dirixir unhas breves palabras aos veciños e veciñas de Bueu por unhas festas como estas, asociadas coa tradición vitivinícola galega.

Como terra de viño que somos, sabemos darlle ese enfoque turístico poñendo en valor o traballo dos nosos adegueiros, as formas de recollida da uva ou as diferentes experiencias que permiten coñecer o noso patrimonio natural e cultural da man da nosa riqueza enolóxica. Ademais, como demostrades desde Bueu, en Galicia tamén somos quen de celebrar numerosas festividades ao redor da enogastronomía que se convertan nunha oportunidade máis para enriquecer a nosa oferta turística.

A celebración desta nova edición da Festa de Tinta Femia de Cela é, pois, un motivo de celebración, especialmente despois deses primeiros pasos dados pola Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo. Parabéns a todos.

Bueu é un bo exemplo de que en Galicia somos un destino cunha gastronomía e unha cultura do viño auténtica. Con personalidade, que propón unha oferta rica e unha variedade de produtos de proximidade e de tempada. E é necesario que sigamos a apostar por poñer en valor de xeito eficaz os nosos recursos propios.

Por iso, desde a Xunta de Galicia temos xa en marcha *Galicia Sabe*, onde a ambigüidade do verbo está cargada de intención: traballamos nos nosos sabores e tamén nos nosos saberes. A nosa estratexia do turismo enogastronómico avanza para impulsar a nosa tradición culinaria e potenciar a competitividade e emprego no sector. Entre todos temos que avanzar nese compromiso permanente para situar o enoturismo nun referente de calidade.

En nome da Consellería de Cultura e Turismo e no meu propio, os nosos parabéns pola vosa inicitiva e desfrutade das festas.

M^a Nava Castro Domínguez
Directora de Turismo de Galicia